



## XUNTA XERAL ORDINARIA 2ª/2020

Acta da sesión que tivo lugar o día vinte e nove de decembro de dous mil vinte.

En Santiago de Compostela, ás 10.00 h, reúnese a Xunta Xeral do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, baixo a presidencia do seu decano, D. Francisco J. Rabuñal Mosquera, e na que participan os seus membros, D. Javier Constenla Vega, D<sup>a</sup> María del Carmen González Ferro, D. Timoteo J. Gutiérrez Valerio, D. Manuel F. Martín García, D. Ramón Quintela Miramontes, D<sup>a</sup> Margarita Ruiz Núñez e D<sup>a</sup> María Jesús Vieito Mayo. Tamén asiste o secretario técnico do Colexio, D. Manuel Arza Galán.

### ORDE DO DÍA

- 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da última xunta xeral**
- 2. Exame e votación do orzamento para o exercicio 2021**
- 3. Rogos e preguntas**

#### **1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR**

Sométese a votación a acta da sesión anterior, que é aprobada por unanimidade.

---

#### **2. EXAME E VOTACIÓN DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2021**

O secretario técnico do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta do orzamento para o ano 2021, que a continuación se detalla:

## MEMORIA

### 1. Introducción

O Estatuto do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela establece, no seu artigo 67, entre as atribucións da Xunta de Goberno a de “redactar os orzamentos e render contas anuais” (apartado d, 2º).

O artigo 91 recolle que na segunda xunta xeral ordinaria (segunda do ano) se dará lectura e se aprobará, se procede, o orzamento formado pola Xunta de Goberno para o seguinte ano.

O proxecto de orzamento do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela para o exercicio 2021, que se presenta e se somete á aprobación da Xunta Xeral Ordinaria, supón a valoración económica das actividades que esta institución ten previsto desenvolver durante o próximo exercicio de acordo coa execución dos seus fins de actuación e condicionado á situación sanitaria e socioeconómica que estamos a padecer.

Este orzamento, tanto na súa forma coma no seu contido, representa a vontade de seguir avanzando na modernización do Colexio de Avogados, nos seus mecanismos de xestión e, sobre todo, en adaptar a súa infraestrutura ás novas tecnoloxías. Cobra centralidade o gasto destinado á formación continua dos colexiados ou o investimento en recursos telemáticos (bases de datos na web). Incrementábase o investimento en sistemas de videoconferencia para a retransmisión de xuízos telemáticos dende a sede do Colexio e a realización de cursos en liña.

O proxecto de orzamento para o exercicio 2020 foi confeccionado consonte as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade e as normas de información orzamentaria de entidades sen ánimo de lucro.

Este orzamento é continuísta, cunha pequena diminución con respecto ao do exercicio anterior como consecuencia do axuste das partidas de gasto tendo en conta os gastos realizados en anualidades anteriores e sobre todo cunha adaptación de ingresos e gastos á nova situación derivada da pandemia. O seu obxectivo básico é garantir as prestacións dos servizos que ofrece o Colexio, de acordo coas fontes de financiamento coas que contamos, destacando os traballos e os investimentos que se realizarán no ámbito da formación continua (fomentando a formación en liña) dos colexiados e das novas tecnoloxías.

### 2. Estado de gastos

Os gastos ascenden a 829.526 €.



As variacións máis importantes en relación co orzamento do exercicio anterior son as seguintes:

- Incrementábase un 15 % a partida correspondente á póliza do seguro de responsabilidade civil. Tras a renovación da póliza, a súa prima incrementábase un 15 % debido ao incremento da sinistralidade. Para este exercicio a subvención do Colexio para esta póliza é de 100.000 euros anuais.
- Redúcense de forma considerable as partidas “Actividade ordinaria” e “Actos corporativos organizados polo colexio e non organizados polo colexio” xa que debido á situación sanitaria e as restricións de mobilidade e cabida non se permite a realización de actos institucionais propios nin acudir aos organizados por outras institucións.
- Redúcese a partida “Formación, xornadas, clases de inglés” xa que a formación se realizará de forma telemática e os custos redúcense. Así mesmo, suspéndense as clases de inglés para colexiados ao non poder impartilas de forma presencial.
- Redúcense as partidas correspondentes ao apartado “Letrados” 649.1, 623.5 e 623.6, debido á redución das subvencións do Concello e da USC para o asesoramento na vía previa administrativa e ao alumnado da USC.
- Créanse as partidas 629 e 601 “Gastos de oficina – Gastos Covid” para facer fronte á posible dotación de material de prevención e seguridade nas oficinas do colexio (sedes de Eduardo Pondal e das Fontiñas).
- En relación coa partida 2.6 “Biblioteca”, incrementábase a partida correspondente ás bases de datos para a páxina web e redúcese a partida das bases de datos en postos fixos da biblioteca, debido a que a contratación das bases de datos para a web xa inclúe de forma gratuíta o acceso á base de datos desde os postos fixos da biblioteca. Así mesmo, o colexio quere potenciar o uso das bases de datos na páxina web para que todos os colexiados e colexiadas poidan acceder a elas dende os seus despachos sen ter que desprazarse ás sedes colexiais.
- No apartado “Outros gastos colexiais” créase a partida “Covid-19” cun importe de 5.000 euros para a adquisición de máscaras, xel hidroalcolico e outro material de protección destinado ao uso dos colexiados e colexiadas.
- O apartado de “Gastos de persoal” sofre unha redución debido á reestruturación do persoal contratado ante a xubilación dunha traballadora.
- O resto das partidas non sofren modificacións importantes, axustándose en boa medida ao gasto realizado en exercicios anteriores.

### 3. Estado de ingresos

Os ingresos ascenden a 829.526 €.

En relación co exercicio anterior, os ingresos sofren unha redución dun 5 % aproximadamente. As variacións máis importantes en relación co exercicio anterior son as seguintes:

- Cotas do seguro de responsabilidade civil. Redúcense os ingresos por este concepto como consecuencia do incremento da subvención do colexio, que para este exercicio será de 100.000 euros. A dita subvención repártese entre todos os asegurados e descóntase antes de cargar o recibo na prima a cada colexiado asegurado, polo que o ingreso por este concepto reducirase proporcionalmente.
- Cursos e clases de inglés. Redúcense estas partidas debido a que se suspenden as clases de inglés, polo que deixa de haber ingresos correspondentes ás cotas de matrícula. En canto aos cursos de formación, o Colexio continuará a súa política de que no posible toda a formación teña carácter gratuíto para os colexiados e colexiadas.
- Cotas de incorporación e periódicas. As cotas colexiais non sofren ningún incremento (seguirán un ano máis sen aplicárselle o incremento do IPC). Esta partida mantense debido a que o número de baixas é moi similar ao número de altas. Prodúcese un pequeno descenso en canto a baixas colexiais de non exercentes en cumprimento dos requisitos da lei de acceso.
- Ingresos por subvencións. Prodúcese un lixeiro descenso debido á redución da subvención do Concello para o asesoramento na vía previa.
- Outros ingresos. Incrementáanse as partidas 759, 778 e 754 debido ao incremento das cantidades que nos corresponden polos convenios coa Mutualidade, Aon e vLex.
- Patrocinios e publicidade. Redúcese considerablemente debido a que descende o número de anunciantes na guía e na revista.

### **Conclusións**

Elabórouse un orzamento de gastos e ingresos continuísta e adecuado á situación financeira desta institución e ao contexto sanitario e socioeconómico que se está a padecer, asegurando sempre o bo funcionamento da corporación e o mantemento de todos os seus servizos.

Por todo isto, e co obxecto de atender as diversas obrigas que son competencia do Colexio, a Xunta de Goberno propón á Xunta Xeral a aprobación deste orzamento de gastos e ingresos para o exercicio 2021.



## ORZAMENTO 2021

<b>GASTOS</b>		<b>829.526</b>
<b>I. SERVIZOS E ACTIVIDADES</b>		<b>281.250</b>
<b>1.1 ACTIVIDADE ORDINARIA</b>		<b>24.000</b>
601.2 601.3 601.1	1.1.a. Actos corporativos organizados polo Colexio	20.000
651.1, 651.2, 654	1.1.b Actos corporativos non organizados polo Colexio	4.000
<b>1.2 OUTRAS ACTIVIDADES</b>		<b>219.250</b>
625.1, 625.4	1.2.b Seguro responsabilidade civil	208.000
625.2	1.2.c Outros seguros, accidentes queda de oficio	5.000
625.5	1.2.d Póliza decesos	3.750
625	1.2.e Primas de seguros (local e seguro comunidade)	2.500
<b>1.3 OUTROS SERVIZOS</b>		<b>38.000</b>
6292, 65,7	1.3.a Congresos e outras actividades	5.000
6291 ,6291.1, 6291.2, 623	1.3.b Formación, xornadas e cursos, clases de inglés, curso VX	30.000
65	1.3.c Bolsas Escola de Práctica Xurídica	3.000
<b>II. GASTOS XERAIS E DE ADMINISTRACIÓN</b>		<b>190.712</b>
<b>2.1 SERVIZOS DE PROFESIONAIS INDEPENDENTES</b>		<b>50.000</b>
623 629.14	2.1.a. Xestoría, asesoría contable e gab. comunicación	15.000
649.1, 623.5, 623.6	2.1.b Letrados, mediación civil, penal e vía previa	35.000
<b>2.2 GASTOS SEDE COLEXIAL</b>		<b>27.900</b>
622.1, 622,2	2.2.a Reparacións e conservación (limpeza e outros)	18.000
622.3	2.2.b Sistemas de seguridade	600
6282	2.2.c Auga e outros	300
6281	2.2.d Electricidade	9.000
<b>2.3 GASTOS OFICINA</b>		<b>31.000</b>
602	2.3.a Material de oficina	5.000
6028007, 6028010	2.3.b Mantemento informático (SIGA e Regtel)	18.000
629	2.3.c Gastos diversos	4.000
	2.3.d Material informático	4.000
<b>2.4 COMUNICACIÓNS</b>		<b>12.600</b>
629.6, 629.2	2.4.a. Mensaxería e correos	6.000

6283.1, 6283.3	2.4.b Telefonía	6.000
629.5	2.5.d Outros	600
	<b>2.5 ARRENDAMENTOS</b>	<b>4.100</b>
621.6	2.5. a Renting	4.100
	<b>2.6 BIBLIOTECA</b>	<b>53.512</b>
6028006	2.6.a. Adquisición libros (códigos e outros)	3.000
6293000	2.6. b Biblioteca on line e bases de datos biblioteca	10.512
	2.6.c Bases de datos - web	40.000
	<b>2.7. OUTROS GASTOS COLEXIAIS</b>	<b>11.600</b>
629.7	2.7.a Guía colexial	2.000
629.8	2.7.b Carné colexial	1.600
629.11	2.7.c Adquisición de togas	1.000
629,13	2.7.d Revista colexial	1.000
629,1	2.7.e Páxina web - mantemento	1.000
	2.7.f Covid-19	5.000
	<b>III. PERSOAL</b>	<b>281.485</b>
	<b>3.1. GASTOS DE PERSOAL</b>	
64 ,641	3.1.a Soldos e salarios	190.172
642	3.1.b Seguridade Social	64.969
64.25, 642	3.1.c Gastos de persoal EPX	26.344
	<b>IV. OUTROS GASTOS</b>	<b>1.500</b>
	<b>4.1.OUTROS GASTOS</b>	
631	4.1.a. Contribucións e impostos	1.500
	<b>V. TRANSFERENCIAS CONSELLOS E CENSOS</b>	<b>74.579</b>
	<b>5.1 TRANSFERENCIAS CONSELLOS</b>	
620	5.1. Censo Consello Xeral Avogacía Española	53.804
620.1	5.2. Censo Consello Avogacía Galega	20.775
	<b>INGRESOS</b>	<b>829.526</b>
	<b>I- INGRESOS PROPIOS</b>	<b>810.726</b>
	<b>1.1PRESTACIÓN DE SERVICIOS</b>	<b>117.800</b>



705.7	1.1.a. Ditames e informes	5.000
705,3, 721,5	1.1.c Cursos e xornadas (clases inglés)	1.500
705.4,705.5,705.9, 754.0	1.1d Outros ingresos	3.000
721,6	1.1.e Cotas seguro resp. civil	108.000
705.6	1.1.f P.I. Catastral	300
	<b>1.2 COTAS COLEXIAIS</b>	<b>561.926</b>
721.2	1.2.a. Cotas de incorporación	5.100
721,1	1.2.b Cotas periódicas	481.466
721.4	1.2.c Cotas censos CXAE e CAG	75.360
	<b>1.3 INGRESOS POR SUBVENCIONS</b>	<b>131.000</b>
74.1, 74.2	1.3.a Infraestrutura quenda de oficio e SOX	68.000
74.3	1.3.b. Subvencións Xunta de Galicia (galego e mediación familiar e penal)	57.000
741	1.3.c Outras subvencións (Concello - vía previa)	6.000
	<b>II.- INGRESOS FINANCEIROS</b>	<b>300</b>
	<b>2.1. XUROS CONTA CORRENTE</b>	<b>300</b>
	<b>III.-OUTROS INGRESOS</b>	<b>18.500</b>
	<b>3.1. VARIOS</b>	<b>17.500</b>
755	3.1.a San Raimundo	8.000
759,778 754,1	3.1.b Outros ingresos	7.000
	3.1.c Códigos (venta de códigos)	2.500
	<b>3.2 PATROCINIOS E PUBLICIDADE</b>	<b>1.000</b>
723	3.2.a Publicidade guía colexial e web	1.000


Unha vez sometido a debate e a votación, o orzamento para o exercicio 2021 é aprobado por unanimidade de todos e todas as presentes.

### 3. ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulan.

E, ao non haber máis asuntos que tratar, rematamos a sesión en Santiago de Compostela, o día 29 de decembro de 2020. Como secretario, dou fe.

  
O decano

  
O secretario